

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 3 DE XUÑO DE 2020

Ás 10:10 horas do día 3 de xuño de 2020, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 29 de maio, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
D^a. Cristina Gómez García, xefa do Servizo de Igualdade

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación da xestión do servizo municipal de atención domiciliaria á infancia -SADI- (9.836-224)

A secretaria comunica aos membros da Mesa que durante o prazo de presentación de ofertas non se presentou oferta ningunha neste procedemento tal e como consta na plataforma de contratos do sector público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 3 de xuño de 2020.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011



- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto para a xestión do servizo municipal de atención domiciliaria á infancia -SADI- (9836-224)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 14 de maio de 2020 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, da xestión do servizo municipal de atención domiciliaria á infancia -SADI- (9836-224).

Segundo.- A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante o 15 de maio de 2020, rematando o prazo de presentación de ofertas o 1 de xuño.

Terceiro.- Consultada a plataforma de Contratos do Sector Público e segundo o indicado no certificado emitido polo Rexistro Xeral de data 3 de xuño de 2020 non se presentou ningunha proposición dentro do prazo de presentación de ofertas.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Único.- Establece o artigo 150.3 da LCSP que o órgano de contratación adjudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación e non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego.

"A sensu contrario", o órgano de contratación poderá declarar deserta unha licitación ben cando no se teñan presentado ofertas, ben cando estas non sexan admisibles conforme aos pregos.

Dado que non se presentou ningunha proposición a esta licitación, tal e como se constata na plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro xeral de data 3 de xuño de 2020, cómpre declarar deserta esta licitación.

Á vista do exposto, propónse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Declarar deserto o procedemento aberto para a xestión do servizo municipal de atención domiciliaria á infancia -SADI- (9836-224) por non terse presentado proposición ningunha durante o prazo de presentación de ofertas".

4.- Apertura da documentación técnica



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 08:00	Páxina 2 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A847-E7CC4E-CCACBA-PY1AX2-V1HJ85-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



a) Procedemento aberto para a contratación da xestión do servizo municipal de atención domiciliaria á infancia -SADI- (9.836-224)

Retírase da orde do día porque a Mesa acordou no punto 2a propoñer ao órgano de contratación que declara deserto este procedemento.

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos para a xestión do programa de atención psicolóxica para menores fillas/os de mulleres vítimas de violencia de xénero (9.846-224)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen conflito de intereses co único licitador presentado e admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Entrégase o informe asinado pola axente de Igualdade de Oportunidades e a xefa do Servizo de Igualdade o 29 de maio de 2020 de valoración da "proposición avaliada mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos para a xestión do programa de atención psicolóxica para menores fillas/os de mulleres vítimas de violencia de xénero (9.846-224)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliada mediante fórmula" do único licitador presentado e admitido co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo sen IVE	Incremento experiencia laboral dos medios persoais adscritos ao contrato (nº anos)	Acreditación de formación especializada en materia de igualdade de xénero e/ou igualdade de oportunidades (nº horas)
1	GABINETE DE PSICOLOGÍA KARMA, S.L.P.	14.648,40€	10 anos	376 horas

Non asiste público á apertura.

Compróbase que a oferta do licitador non contén valores anormais de conformidade coa fórmula prevista na cláusula 18 do PCAP e, en aplicación do previsto na cláusula 16.3, ao haber un único licitador, a Mesa acorda, por unanimidade, outorgar ao licitador a máxima puntuación recollida no apartado 7B das FEC do PCAP:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 08:00	Páxina 3 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A847-E7CC4E-CCACBA-PY1AX2-V1HJ85-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

	Licitador	Prezo sen IVE	Incremento experiencia laboral dos medios persoais adscritos ao contrato (nº anos)	Acreditación de formación especializada en materia de igualdade de xénero e/ou igualdade de oportunidades (nº horas)
1	GABINETE DE PSICOLOGÍA KARMA, S.L.P.	45 puntos	15 puntos	15 puntos
Puntuación total				75 puntos

Tendo en conta a puntuación obtida polo licitador na súa proposición avaliable mediante xuízo de valor, a puntuación total é a seguinte:

	Licitador	Criterios xuízo valor	Criterios fórmula	Puntuación total
1	GABINETE DE PSICOLOGÍA KARMA, S.L.P.	20 puntos	75 puntos	95 puntos

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos para a xestión do programa de atención psicolóxica para menores fillas/os de mulleres vítimas de violencia de xénero (9.846-224)

Á vista das actuacións e acordos desta Mesa de Contratación e do informe de valoración das proposicións presentadas, a Mesa acorda, por unanimidade dos asistentes, a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento simplificado para a contratación de servizos para a xestión do programa de atención psicolóxica para menores fillas/os de mulleres vítimas de violencia de xénero (9.846-224) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	GABINETE DE PSICOLOGÍA KARMA, S.L.P.	95 puntos

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, GABINETE DE PSICOLOGÍA KARMA, S.L.P. (B-36.847.242), para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP), ao non estar inscrito nun rexistro de contratistas:

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 08:00	Páxina 4 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A847-E7CC4E-CCACBA-PY1AX2-V1HJ85-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 10:25 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 08:00	Páxina 5 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A847-E7CC4E-CCACBA-PY1AX2-V1HJ85-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		